



EXPEDIENTE 216/2019

ASUNTO: INFORME SOBRE O ESTADO DA SOLICITUDE, CONCESIÓN E USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE NA TEMPADA 2019/20.

Antecedentes:

Con data de finalización do 30 de xuño, segundo o estipulado no artigo 22 do Regulamento de Utilización das Instalacións Deportivas Municipais, dependentes do Consello Municipal de Deportes de Ourense, remata o período de solicitude de instalacións deportivas municipais.

Con data do 14 de agosto finaliza o estudo das solicitudes presentadas polas corenta e oito entidades e clubs deportivos para a cesión e adxudicación das instalacións deportivas durante a tempada 2019/20, resolvéndose previamente aquelas solicitudes que recollían as necesidades de horas de adestramento para as pretempadas.

O 12 de agosto procédese a recoller as valoracións sobre as instalacións deportivas municipais onde aparecen peticións coincidentes de entidades e clubs, que dan lugar a deliberación.

A motivación das deliberacións toma como base o Regulamento de uso das instalacións deportivas municipais. Os criterios polo tanto empregados son os reflectidos no TÍTULO IV. Normas de concesión e uso das instalacións.

*“Artigo 21º – Prioridade de deportes minoritarios*

O CMD, ante a proliferación de solicitudes de equipos de deportes moi masificados (baloncesto, fútbol-sala), favorecerá a situación de deportes minoritarios nas instalacións, sempre que iso sexa posible técnicamente, tendo en conta criterios de calidade, categoría, carácter e difusión da actividade.

Artigo 22º - Solicitude de instalacións deportivas municipais

Ábrese o prazo de solicitude para o uso de Instalacións Deportivas Municipais durante o ano escolar ou tempada, o día 1 de Xuño e finaliza o día 30 do mesmo mes.

O modelo de solicitude será o establecido polo CMD. Poderá recollese nas instalacións deportivas municipais e na páxina web municipal [[www.ourense.es](http://www.ourense.es)]. Deberá entregarse nos rexistros municipais en horario de oficina.

O CMD reserva como prioridade o horario de 18,00 a 20,00 h. para o desenvolvemento das Escolas Deportivas.

A concesión de uso queda supeditada a que a entidade solicitante estea ao corrente no pagamento polo concepto de utilización de calquera instalación deportiva municipal.

A entidade solicitante comprométese ao pagamento da totalidade da hora de concesión, aínda que esta non sexa utilizada, e durante toda a tempada, a non ser que renuncie ao uso da cancha con antelación de 5 días antes de terminar o mes en curso, coa fin de evitar que se cobren os meses seguintes e que poida dispoñer da dita instalación outra entidade solicitante.





Será imprescindible cumprimentar toda a solicitude, facendo figurar os datos reais que se solicitan. No caso de que o CMD detecte falsidade nos datos, a entidade causará baixa automaticamente do uso das *instalacións*.”

O día 22 de agosto de 2019, reunidos para valorar as solicitudes o xerente, Mario González Rodríguez e a coordinadora de deportes do CMD, Marta Míguez Telle, fixéronse as seguintes deliberacións e conclusións das que se levantou a oportuna acta e das que resulta o presente informe.

## DELIBERACIÓNS

Procédese ao estudo e análise de cada solicitude segundo os anteriormente citados criterios, examinando especialmente aquelas instalacións onde existen coincidencias nas solicitudes.

### 1. COMPLEXO DEPORTIVO OS REMEDIOS

1. ANEXO: antes de nada procedemos a “ordenar” en franxas horarias “únicas” nos tres tercios para tratar de optimizar o tempo de apertura da instalación e así evitar ocios que non se poidan utilizar. Deste xeito, adaptamos os horarios das solicitudes a este cuadrante de franxas, que quedan establecidas así: 16.30h a 17.30h, 17.30h a 18.30h, 18.30h a 20h, 20h a 21.30h e 21.30h a 23h.

Mantemos as horas da escola do Pabellón CF (a pesar de que este club e o Pabellón Promesas dispoñen do campo de F11 dos Remedios) pero modificamos levemente o horario adiantándolle media hora luns e mércores para facilitar esta distribución e tendo en conta que neste tempo, como mínimo, se poden adestrar 6 grupos xa que dispoñen do anexo completo. Pasa o mesmo coa hora de martes e xoves, que se adianta media hora e o venres atrásase para manter a 2ª franxa da tarde (igual que martes e xoves).

O Couto FS mantén o xoves pasa a ocupar a última franxa horaria a campo completo.

Ao Balonmán Pabellón tamén se lle adianta media hora as franxas horarias de martes e xoves pero o mércores dispón de campo completo desde as 20h.

O CV Sanmartiño adianta as tres sesións de adestramento (martes, mércores e xoves) media hora e pode dispoñer de dous tercios do anexo.

O ABO perde a 1ª hora do mércores pero martes e xoves dispón de un tercio na franxa das 18.30h e de dous tercios na franxa seguinte, así como de media hora máis os venres.

O Cidade das Burgas dispón de... luns e mércores para atender a base.

2. CANCHA CENTRAL: procedemos a “ordenar” en franxas horarias “únicas” para optimizar o tempo de apertura da instalación e garantir sesións de 90 minutos.

Así, as franxas horarias quedan establecidas como se detalla a continuación: 16.00h a 17.00h, 17h a 18.30h, 18.30h a 20h, 20h a 21.30h e 21.30h a 23h.





Mantemos as horas da escola do Pabellón CF (a pesar de que este club e o Pabellón Promesas dispoñen de todo o campo de F11 dos Remedios e de horas no Anexo) pero modificamos levemente o horario adiantándolle media hora martes e xoves. Isto permite que os xoves os tres equipos de máxima categoría do FS ourensán poidan adestrar 90 minutos.

Os clubs de escalada veranse beneficiados nas horas de uso do rocódromo coa instalación dunha rede vertical que separa o paramento vertical onde se fixan as presas, da cancha de xogo. Así, a escola de ASESOU ocupará o rocódromo de luns a venres de 16h a 20h e sábados de 10h a 14h (se as competicións que se celebran na cancha central así o permite) dado o aumento exponencial no número de licenzas. A partir desa hora comparte o espazo co Club Alpino Ourensán, franxa dedicada a adultos de ambos clubs.

O filial do Ourense CF Envialia deixa unha sesión en Oira (martes) e concédeselle a última franxa do luns.

3. PISCINA “PEDRO ESCUDERO”: mantense a distribución da tempada pasada. Non procedede colapsar máis esta instalación xa que hai horarios nos que os/ abonados/as solo dispoñen dunha pista para o nado libre, que é o mínimo do que deben dispoñer segundo o Regulamento de Réxime Interno.

Hai que ter en conta que esta tempada, debido á importante reforma que se vai levar a cabo nestas instalacións municipais, estes horarios e concesións vanse ver afectadas polas obras e pecharase esta instalación no prazo que nos indiquen os técnicos.

4. PISCINA “ROSARIO DUEÑAS”: esta instalación está moi saturada e non se poden incluír máis horarios de adestramento para clubs, sen embargo, aceptamos a solicitude do Club Waterpolo Pabellón Ourense para martes e mércores no mesmo horario do que dispón os luns, xoves e venres, debido a que se complementa co horario do Club de Natación Sincronizada Pabellón nas primeiras horas, utilizando cada un a metade das pistas 7 e 8 para os seus adestramentos, e tamén para facilitar a creación de base deste deporte. O resto do horario do CWPO esténdese fóra do horario de apertura da instalación (tendo que aportar os dous SOS que por lei corresponde), coa particularidade de que ten que facer certos axustes para poder realizar labores de limpeza e mantemento na piscina.

Hai que ter en conta que esta tempada, igual que pasa na piscina de 25m, debido á importante reforma que se vai levar a cabo nestas instalacións municipais, estes horarios e concesións vanse ver afectadas polas obras e pecharase esta instalación no prazo que nos indiquen os técnicos.

5. CAMPO DE FÚTBOL 11: Permanece como estaba na tempada anterior.
6. MÓDULO DE ATLETISMO: Permanece como estaba na tempada anterior.





## 2. COMPLEXO DEPORTIVO DE OIRA

1. **POLIDEPORTIVO:** procedemos a “ordenar” en franxas horarias “únicas” para optimizar o tempo de apertura da instalación e garantir sesións de 90 minutos, a partir de aí adaptamos os horarios das solicitudes a estas franxas.

Así, as franxas horarias quedan establecidas como se detalla a continuación: 16.00h a 17.30h, 17.30h a 19h, 19h a 20.30h, 20.30h a 22 e a partir das 22h ata o peche.

Comprobamos antes de nada os rexistros de ocupación da instalación da tempada pasada e aqueles clubs/equipos que faltaron máis do 50% de días ao adestramento sen xustificar non se lle volven conceder as instalacións. Deste xeito quedan ocios libres que se lle conceden ao Club Balonmán Campus para a escola do club e ao Santa Teresita de FS, xa que están adestrando no campo de fútbol de Eiroás.

Ao Club de Balonmán Pabellón adáptanselle os adestramentos ás franxas establecidas de 90 minutos.

2. **OIRA FUTBOL 11 e 8:** Ante a necesidade imperiosa de horas en campos de fútbol municipais para atender nenos con idades comprendidas entre os 6 e os 11 anos, solicítaselle ao Ourense CF SAD que modifique a súa previsión de ocupación destes campos para darlle cabida a outros equipos. Deste xeito, reordena os seus horarios e libera certas franxas en favor da Unión Deportiva Ourense.

3. **CAMPOS DE VOLEI PRAIA:** Sen novidade.

## 3. PAVILLÓN DA CARBALLEIRA (CEIP MANUEL LUIS ACUÑA): as franxas horarias que se establecen na Carballeira son: 17h a 18.30h, 18.30h a 20h, 20h a 21.30h e 21.30h a 23h.

Adiantamos media hora os adestramentos do CD Ourela, quedándolle igualmente dúas horas e media, pero os sábados, coa fin de incluír na mañá ao Club Patinatur (de 10h a 11.30h), empeza media hora máis tarde (11.30h a 14h), quedando o resto da fin de semana para competicións.

O Sala Ourense dispón nesta instalación de 8,5h (frente ás 6h da tempada anterior) para atender a todos os seus equipos da base.

O Secundino Basalo vese favorecido nunha hora (entre martes e xoves) pola nova distribución das franxas de adestramentos.

As Jabatas Roller Derby pediron espazos de adestramento preferentemente a partir das 20h pero non se poden ubicar de momento.

Como o centro educativo modificou o seu horario con respecto ao ano pasado, queda libre unha hora (mércores de 17h a 18.30h) que antes tiñan ocupada, polo que ninguén a solicita.

## 4. POMPEO ou IES OTERO PEDRAYO: Sen novidade.





5. CAMPO MONTE DA AIRA "VELLE": mantense a proposta do CD Velle e a do FF Rosalía, este último amplía o horario do ano anterior para atender o equipo senior (martes e venres de 19.30h a 21h) pero están todos os horarios perfectamente consensuados co CD Velle.
6. CAMPO STA. CRUZ DE ARRABALDO: mantense a proposta da SDC Arrabaldo.
7. CAMPUS UNIVERSIDADE:
  1. POLIDEPORTIVO: O Club Balonmán Campus non solicita o horario que tiña establecido os mércores (ao ter novas oportunidades en Oira), polo que se reparte entre o Baloncesto Pabellón Femenino e o ABO.
  2. CAMPO DE FÚTBOL: mantense a distribución de EDO e A Purísima coma a tempada anterior. EDO solicita os mércores ata as 19h pero o convenio coa Universidade é ata as 18h.
8. CAMPO DE MARIÑAMANSA: o CH Cudeiro recupera unha franxa horaria os luns, que perdera o ano pasado e á federación Galega de hockey concédeselle unha hora os mércores. Os demais clubs pediron as mesmas horas do ano pasado e mantense a distribución da tempada anterior a pesar de que hai 3 solicitudes fóra de prazo.
9. CIFP CARBALLEIRA: para darlle acollida a o Club Marusia de ximnasia rítmica reducímoslle ao CV San Martiño 2 horas os venres e compensamos no anexo. Deste xeito ofrecémoslle ao Marusia os martes de 18h a 21h e os venres de 16h a 18h, supeditado á dispoñibilidade horaria do centro e pendente da súa confirmación. De todos os xeitos, precisan 3 días na semana (9h), sábado mañá incluído, na mesma instalación porque dependen do material (moquetas), o que dificulta a nosa labor xa que as fins de semana hai competición en todas as instalacións e solo lle podemos ofrecer este polideportivo condicionado a que non se celebre competición de volei.
10. CAMPO DA FEIRA: permanece o reparto existente entre o Club Ximnasia Pavillón Ourense, o club Escola Ximnasia Burgas e o Club Ximnasia Escola Pavillón.
11. CAMPO DE FÚTBOL DE EIROÁS: mantense a proposta do club AD Covadonga e do CDC Santa Teresita., que ademais deste campo solicita horas no polideportivo de Oira para a sección de fútbol sala provincial.
12. IES FERRO COUSELO: Permanece sen cambios.





## CONCLUSIÓNS

Á vista do recollida na Acta da Reunión e segundo indica o Artigo 22.1.c: “Aos *clubs ou entidades* deportivas que, logo da aplicación dos devanditos criterios, se lles conceda unha instalación deportiva determinada, deberán confirmar o horario concedido, nunha primeira fase provisional. Posteriormente, unha vez estudadas as posibles reclamacións pasaranse a unha segunda e definitiva fase, no que a entidade deportiva deberá formalizar un convenio para a concesión do horario de adestramento. Esta concesión terá vixencia ata o 31 de maio”.

Feita esta primeira concesión provisional, ábrese un período de posibles alegacións ata o 13 de setembro de 2019. De non existir alegacións, entenderase aceptada a concesión. Resultas as alegacións, a concesión provisional pasará a ser definitiva o 1 de outubro de 2019, momento no que entran en vigor os convenios de concesión por tempada.

Polo tanto, faise público este documento xunto co anexo de distribución horaria de instalacións deportivas municipais (IDM).

Marta Míguez Telle

Coordinadora de deportes do CMD

Ourense, na data da sinatura electrónica

